

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE SELECCION – POSTO DE XERENTE DE NAUTA SANXENXO, S.L.

Sendo as 9:00 horas do día 22 de xullo de 2026 constitúese no despacho da Intervención municipal a Comisión de Selección do proceso selectivo para a cobertura do posto de xerente de Nauta Sanxenxo, S.L., coa asistencia dos seguintes membros titulares:

Presidente: José Juan Vidal Vilanova

Secretaria: M^a de los Ángeles Landín Iglesias

Vocais: Luis Ángel Sabariz Rolán, Ángela Pose Puga e Teresa González González.

Unha vez constituída a Comisión de Selección, os seus membros revisan a documentación achegada polas persoas aspirantes e fixan os criterios para a valoración dos méritos alegados polos candidatos, segundo o disposto nas Bases Reguladoras do proceso selectivo.

A Comisión acorda celebrar unha nova reunión o próximo día 24 de xullo para proceder a valoración da fase de concurso de méritos.

Sendo as 10:45 horas, levántase a sesión.

Do que eu como secretaria dou fe, co visto bo do presidente da Comisión de Selección

Documento asinado electronicamente

